

PROGRAMACIÓN | 29 XULLO - 2 SETEMBRO 2017



sanroque

DESDE 1698

As festas que queremos



Concello de
Vilagarcía
de Arousa



A imaxe dunha cidade

Aínda non se nos se nos foi da boca o bo sabor das anteriores festas, e xa estamos metidos de cheo no San Roque 2017. Manter o listón no elevado punto no que quedou o pasado ano foi o noso reto á hora de deseñar este programa, pensado para o conxunto dos vilagarcíais e de todos aqueles que nos visitan nestas sinaladas datas.

As festas de San Roque son o merecido premio anual para os habitantes do municipio. E os premios deben ser atractivos e gustar. Por iso apostamos pola fórmula que tan boa acollida recolleu o ano pasado con espectáculos circenses, concertos de rock, folk, pop, con deportes, folclore, exposicións, cine e unha morea máis de actividades de diversos estilos, para diferentes gustos e para todas as idades. E usando como escenarios as rúas, parques e prazas, que queremos que fervan de xente e de ledicia todos e cada un dos días das festas que, a maiores, terán os seus momentos máis álxidos en eventos tradicionais e tan nosos como O Combate Naval, a Festa da Auga, o desfile de Carrozas, a Festa da Ameixa e As Revenidas.



Unha fórmula unificadora, que recolle as celebracións de Vilagarcía, Vilaxoán e Carril, e que busca alongarse no tempo máis alá da semana grande de San Roque, para rematar despois da Noite Meiga.

As Festas de San Roque, de Interese Turístico Nacional dende 2006, son a mellor carta de presentación de Vilagarcía cara ao exterior. Con elas vendemos imaxe aos milleiros de persoas que nos visitan en verán e, por iso, todos os que formamos parte organización temos o deber e a responsabilidade de garantir que as pezas encaixen á perfección para que o desenvolvemento do gran puzzle que forma o programa compoña finalmente a mellor imaxe da cidade que queremos dar.

Pola nosa banda, estes son os obxectivos e neles puxemos todo o empeño e moito máis esforzo. Agora solo queda que vós o gocedes. Que saíades a rúa, que vos deixedes empapar polo ambiente festivo e que pasedes os mellores días do ano en Vilagarcía, coa vosa xente e nas vosas festas.

A blue ink handwritten signature, which appears to be 'Alberto Varela Paz', written over a horizontal line.

Alberto Varela Paz

Alcalde-presidente de Vilagarcía de Arousa

FOLK

NO

ALOBRE

1^ª ROMANE URBANĂ



■ SÁBADO 29 DE XULLO

■ 11:00 a 23:00 – Parque E. Valdés Bermejo

Folk no Alobre

Organiza: Pés de Barro

11:00

INAUGURACIÓN co grupo tradicional
Os Demos da Petaca

11:30

OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL
para familias con Serxio Cobos

12:00

**OBRADOIRO DE FABRICACIÓN
DE TARRAÑOLAS**

14:00

XANTAR ROMAXE

17:00

OBRADOIRO DE DANZAS DO MUNDO
con Mercedes Prieto

19:00

CONCERTOS

Os Demos da Petaca

Primordiais

Habelas Hailas

Carapaus



OS DEMOS DA PETACA

Cuarteto de música tradicional con preto de vinte anos de traxectoria. Música do país achegada á raíz máis popular, as barras das tabernas, os adros das igrexas.



PRIMORDIAIS

Formado por Marcelo DoBode e Luis Martíns, dous músicos do folk galego máis actual. Unha viaxe polas hortas onde medra toda a beleza que une a arpa coa voz e a percusión máis terrenal.



HABELAS HAINAS

Catro rapazas cuxa versatilidade as leva a explorara diferentes eidos artísticos, facendo de cada espectáculo algo diferente.



CARAPAUS

Carapaus teima en amosar a música tradicional galega, así como fornecer con pezas de composición de fondo trazo tradicional o acervo cultural galego.

DOMINGO 30 XULLO

11.00-20.00 - Carril

Festas de San Fidel

11:00 - Rúas de Carril

PROCESIÓN conmemorativa **200 Aniversario** de San Fidel.

PASACALLE de xigantes e cabezudos, grupo Airiños do Carril e a charanga Noroeste.

13:00 - Praza da Liberdade


CONCERTO especial da Banda de Música Municipal de Vilagarcía.

19:00 – Praza da Liberdade

CUCAÑAS.

22:00 – Carril

VERBENA a cargo da Orquestra Tango e Grupo América.



21:00 - Rúa Romero Ortíz con Valentín Viqueira

SEMANA DE CINE

ódega
cine
clube

INAUGURACIÓN - CONCERTO ALÓ DJANGO

Aló Django é un proxecto galego que busca a inspiración no jazz e na música dos xitanos manouche centroeuropeos: o chamado gypsy swing, un estilo lírico, alegre e acústico cuxo máximo representante é o mítico guitarrista Django Reinhardt.

22:30 - Rúa Romero Ortíz con Valentín Viqueira

O CINE AMBULANTE DO SEÑOR LILI

Proxecto de recuperación, restauración e exhibición de películas en formato 8mm e Súper8 no que o Señor Lili, taquillero, acomodador e proxeccionista, pedalea a través do túnel do tempo para que sexamos testemuñas dos cambios producidos nas nosas vidas.





LUNS 31 XULLO

■ 12:00 – Centro Sociocultural de Guillán

Festiclown nas Parroquias

ACTUACIÓN do mago Dani García
“Don Gelati”

Un brillante día de sol chega á praza da vila un vendedor de xeados co seu carriño e con moitas ganas de sacarlles un sorriso aos veciños. Mais o pobre Don Gelati sufrirá todo tipo de infortunios que terá que arranxar antes de que os seus xeados se derretan.

■ 11:00 -20.00 - Carril

Festas de San Fidel

11:00 - Praza da Liberdade

XOGOS INFANTÍS: Inchables e colchonetas.

■ 16:00 - Carril

FESTA INFANTIL: Inchables e colchonetas

■ 17:30 – Praia da Covacha

FESTA DA ESPUMA con inchables e colchonetas. A continuación: **Regata de Barcaños.**

■ 20:00 – Praza da Liberdade de Carril

FESTICLOWN

ACTUACIÓN do mago “Don Gelati”.

■ 22:00 – Carril

VERBENA con Clan Zero e Banda Gaudi.

31 XULLO - 11 AGOSTO

■ 10:00 – Partida e recollida no Auditorio de Vilagarcía

Campamento Urbano Medioambiental

20 prazas. Mozos e mozas de 12 a 16 anos

Programa de actividades ambientais, culturais, creativas e lúdicas que se levarán a cabo nas contornas naturais e monumentais de Vilagarcía.

■ LUNS 31 XULLO

■ 21:30 – Salón García

SEMANA DE CINE adepto cine club

ENCONTRO CON CINEASTAS

Presentación dos filmes e cine forum co Director de cine Pela del Álamo, director do Festival Curtocircuito.

PROXECCIÓNS

**Curtametraxe gañador
do Festival Curtocircuito 2016**

Longametraxe "Paterson"

Director: Jim Jarmusch

2016

113 min.

Estados Unidos

Historia sobre un condutor de autobús e poeta aficionado sobre as pequenas cousas chamado Paterson, que vive en Paterson, Nova Jersey.

Prezos: De balde para socios. Non socios a entrada de día 4€ e o abono semanal 10€

Venda de entradas e abonos: No mesmo día da proxección a partir das 21:00, no Salón García



MARTES 1 AGOSTO

12:00 – Centro Sociocultural de Castroagudín

Festiclown nas Parroquias

FRAN REI: "AS HISTORIAS DE BRANCAFLOR"

Unha fermosa historia de amor entre Brancaflor e Xan á que se opón con decidida firmeza o malvado pai da rapaza. Como non podía ser doutro xeito, a narración vén ilustrada con diversos xogos de maxia, que reforzan a comprensión do conto e, sobre todo, fan máis atractivo e interactivo o espectáculo.

19:00 – Salón García

SEMANA DE CINE

OBRADOIRO DE CINE

A COMPOSICIÓN DA IMAXE NO CINEMA ¿CÓMO COMPOÑER O PLANO CINEMATOGRAFÍCO?

Docente: David Hernández

Neste obradoiro plantéxase a necesidade de coñecer os mecanismos para realizar unha eficaz composición da imaxe cinematográfica. O alumno coñecerá como organizar, executar e avaliar o plano para conquistar os seus obxectivos narrativos e estéticos.

Obradoiro repartido en 3 días (2h/día)

Prezos subvencionados: De balde para socios.

Non socios: 5€

21:30 – Salón García

SEMANA DE CINE

ódega
cine
clube

ENCONTRO CON CINEASTAS

Presentación dos filmes e cine forum co director de cine David Hernández (Vigo, 1971).

Escritor e director de varias curtametraxes de ficción e documental, actualmente está en fase de produción da súa primeira longametraxe de ficción.

PROXECCIÓNS

Curtametraxe "Spaces of Time #3 -Zamgoza"

de David Hernández

Longametraxe "El Viajante"

Director: Asghar Farhadi

2016

125 min.

Irán

Emad e Rana deben deixar o seu piso no centro de Teherán. Instálanse noutro lugar, pero un incidente relacionado co anterior inquilino cambiará de xeito dramático a súa vida.

Prezos: De balde para socios. Non socios, a entrada de día 4€ e o abono semanal 10€. Venda de entradas e abonos: o día da proxección, a partir das 21:00, no Salón García.

MÉRCORES 2 AGOSTO

19:00 – Salón García

SEMANA DE CINE ódega cine clube

OBRADOIRO DE CINE

A COMPOSICIÓN DA IMAXE NO CINEMA ¿CÓMO COMPOÑER O PLANO CINEMATOGRAFÍCO?

Docente: David Hernández (Vigo, 1971)

Obradoiro repartido en 3 días (2h/día)

Prezos subvencionados: De balde para socios.

Non socios: 5€

21:30 – Salón García

ENCONTRO CON CINEASTAS

Presentación dos filmes e cine forum co director de cine Alberto Vázquez (A Coruña, 1980).

Director de animación, ilustrador e debuxante de banda deseñada. Escritor e director de curtas de animación como "Birdboy", "Sangre de Unicornio" ou "Decorado". Con traballos nominados en catro ocasións aos Premios Goya, alzándose co galardón ao Mellor Curtametraxe de Animación en 2012 e en 2017 co Goya a mellor película por "Psiconautas" e mellor curtametraxe de animación por "Decorado".

PROXECCIONS

Curtametraxe "Decorado" de Alberto Vázquez
Longametraxe "Psiconautas, los niños olvidados".

Director: Pedro Rivero, Alberto Vázquez
2016 | 76 min. | España

Birdboy e Dinki son dous adolescentes que decidiron escapar dunha illa arrasada por unha catástrofe ecolóxica: Birdboy illándose do mundo, Dinki emprendendo unha arriscada viaxe coa esperanza de que Birdboy a acompañe.

Prezos: De balde para socios. Non socios a entrada de día 4€ e o abono semanal 10€. Venda de entradas e abonos: O día da proxección, a partir das 21:00, no Salón García.

■ XOVES 3 DE AGOSTO

■ 19:00 – Salón García

SEMANA DE CINE ódega cine clube

OBRADOIRO DE CINE A COMPOSICIÓN DA IMAXE NO CINEMA ¿CÓMO COMPOÑER O PLANO CINEMATOGRAFICO?

Docente: David Hernández (Vigo, 1971)

Obradoiro repartido en 3 días (2h/día)

Prezos subvencionados: De balde para socios.

Non socios: 5€

■ 21:30 – Salón García

ENCANTO CON CINEASTAS

Presentación do filme e cine forum coa directora de cine Olga Osorio (Lugo, 1972).

Doutora en Humanidades pola UDC e licenciada en Xornalismo pola Complutense de Madrid, é profesora de Dirección de Fotografía na facultade de Ciencias da Comunicación da UDC e de Procesos e Medios de Comunicación no IES Imaxe e Son.

Co seu último traballo, a curta Einstein-Rosen, competiu en sección oficial no Festival de Sitges e gañou infinidade de premios en festivais, Primavera de Cine, Mestre Mateo, Curtas, etc.

PROXECCIONS

Curtametraxe "Einstein-Rosen" de Olga Osorio
Longametraxe "Elle"


Director: Paul Verhoeven

2016 | 130 min. | Francia

Michèle, exitosa executiva dunha empresa de videoxogos, busca vinganza tras ser asaltada de forma violenta na súa propia casa por un intruso.

Prezos: De balde para socios. Non socios, a entrada de día 4€ e o abono semanal 10€.

Venda de entradas e abonos : O día da proxección, a partir das 21:00, no Salón García.



■ VENRES 4 AGOSTO

■ 21:30 – Salón García

SEMANA DE CINE ádega cine clube

CLAUSURA SEMANA DE CINE ENCANTRO CON CINEASTAS

Presentación do filme e cine forum cun artista especial convidado para a clausura.

PROXECCIÓN

Nesta sesión se proxectará unha longametraxe especial de clausura relacionada co Cineasta convidado.

Prezos: De balde para Socios. Non Socios a entrada de día 4€ e o abono semanal 10€.

Venda de entradas e abonos : No mesmo día da proxección a partir das 21:00 no Salón García

■ 23:30 – Rúa Romero Ortiz esquina rúa J. F. Fontán
CONCERTO CLAUSURA



DOMINGO 6 AGOSTO

12:00 – Centro Sociocultural de Solobeira

Festiclown nas Parroquias

ACTUACIÓN de Dani García “Código”

Acabado de chegar dalgún lugar afastado, doutro tempo ou doutro modo de facer. Perdido no presente, no eiqú, no agora. Así está o noso viaxeiro, o noso coleccionista de linguas.

20:00 – Centro sociocultural de Cornazo

Festiclown nas Parroquias

ACTUACIÓN de Dani García “Código”

LUNS 7 AGOSTO

22:00 – Xardíns de Ravella

Fantasio na rúa

PROXECCIÓN INFANTIL: CAZAFANTASMAS

Nova York. Despois de case trinta anos sen saber de eles, os fantasmas e demos volven a escaparse dos infernos para destruír a cidade.

Esta vez o equipo está formado por un grupo de catro mulleres, dispostas a terminar con calquera ameaza espectral.

MARTES 8 AGOSTO

■ 22:00 – Xardíns de Ravella

Fantasio na rúa

PROXECCIÓN INFANTIL: ANGRY BIRDS

Baseada na colección de videoxogos do mesmo nome, a historia desenvólvese nunha illa poboada por aves felices que non voan.

Neste paraíso, Red, un paxaro con moi mal xenio, o veloz Chuck e o volátil Bomb nunca terminaron de encaixar. Pero cando chegan a illa uns misteriosos porcos verdes, serán estes tres marxinados os que descubran qué traman os estraños visitantes.



MÉRCORES 9 AGOSTO

■ 10:00-14:00 e 16:00-20:00 - Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: O CLOWN, DO RIDÍCULO AO CÓMICO

Docente: Antón Valén

Hai dous tipos de clown: o que se basea no interior dun mesmo e o proxecta, e o que toma o clown como personaxe. Antón Valén aposta polo primeiro, por traballar desde o ridículo, con autenticidade e personalidade, a través de xogos escénicos para que o alumnado descubra o seu clown interior.

Prezo: 120€.

Horas: 16h repartidas entre o 9 e 10 de agosto.
+ info en www.festiclown.org

■ 22:00 – Xardíns de Ravella

Fantasio na rúa

PROXECCIÓN INFANTIL: MASCOTAS

Nun edificio de apartamentos de Manhattan, a vida de Max como mascota favorita corre perigo cando a súa dona trae á casa outro can chamado Duke, con quen Max pronto ten as súas diferenzas. Pero ambas mascotas teñen que deixar atrás a súa rivalidade cando descubren que un adorable coelliño branco chamado Snowball que lles complicará a existencia...

XOVES 10 AGOSTO

10:00-14:00 e 16:00-20:00 - Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: O CLOWN, DO RIDÍCULO AO CÓMICO

Docente: Antón Valén

Prezo: 120€

Horas: 16h repartidas entre o 9 e 10 de agosto
+ info en www.festiclown.org

11:00 - Rúas de Vilagarcía

Festiclown – Social

ACCIÓN NA RÚA actividade cos nenos e nenas do campamento urbano municipal.



12:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown - Desclowntról nas rúas TCHYMINIGAGUA “FUTURISMO GALÁCTICO”

20:00 - Rúas de Vilagarcía

Festiclown - Desclowntról nas rúas TCHYMINIGAGUA “FUTURISMO GALÁCTICO”

20:00 – Praza de Ravella

Especial Mesas das Verbas

Coa colaboración de Os Terribles de Arousa, Jose Luís Barreiro e Víctor Castro e os seus sobriños.

20:30 – Casa Consistorial

Pregón

21:00 – Praza de España

Ofrenda Floral ao Santo

Logo da lectura do pregón, agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial onde farán a súa ofrenda floral ao patrón.





XOVES 10 AGOSTO

■ 21:30 – Praza de Galicia

Festiclown

Inauguración Mostra Internacional

COMPAÑÍA: DESASTRONAUTS (España/UK)
ESPECTÁCULO: MAIS ALTO AÍNDA

En Máis alto aínda unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home... estúpido. El fará o que sexa para estar con ela, e ela, todo o posible por escapar. Veremos como a súa loita frenética se vai intensificando a medida que atopan un trapecio de balanceo, cordas aéreas e un hula-hoop de lume.

■ 23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto PRESUMIDO

A banda galega formada por Tarci Ávila e Nacho Dafonte, presentan o seu primeiro disco titulado “Vendetta”. Inspirándose nos clásicos do xénero electro - pop como Depeche Mode ou Kraftwerk eles empapan a súa música con referencias máis contemporáneas como M83 ou Daft Punk.

Patrocinado por McDonalds Rías Baixas.



■ VENRES 11 AGOSTO

■ 10:00-14:00 e 16:00-18:00 - Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: CURANDO CO RISO

Docente: Laura “Mandarina” Muñoz

Breve introdución ao oficio de levarlles sorrisos aos nenos e ás súas familias nos hospitais. Un pallaso de hospital debe ter a vista, oído e olfato moi ben desenvolvidos para percibir o que necesita cada neno. É un traballo personalizado, delicado e sutil. Abordaremos temas coma a empatía, a escoita, a improvisación e o xogo, e como empregalos.

Prezo: 80€

Horas: 12h, repartidas entre 11 e 12 de agosto.
+ info en www.festiclown.org

■ 11:00-14:30 | 18:00-23:00 – Praza da II República

Expoferta Zona Aberta 2017

INAUGURACIÓN 12ª FEIRA DE OPORTUNIDADES

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta.

■ 11:00 – Salón García

Festiclown – Social

ASOCIACIÓN CON ELES “EU QUERO SER”

Funcións de teatro a cargo das persoas da asociación.

■ 12:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown – Descloowntrol nas rúas

TCHYMINIGAGUA “FUTURISMO GALÁCTICO”

■ 13:00 – Rúa Covadonga

Festiclown

Superroquiños

ESPECTÁCULO:

CHOSCO!

COMPAÑÍA:

CIRCO CHOSCO



■ 20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

Festiclown

Certamen Intergaláctico

ESPECTÁCULO: FORZU2

COMPañÍA: CIRCO CHOSCO

Ariñe Azkue e Óscar Páez preséntannos a dous atletas que realizarán proezas increíbles pero tamén torpezas monumentais, que farán que o público escache coa risa.

■ 20:30 – Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS TRASNOS DE GUILLÁN

■ 21:30 – Praza de Galicia

Festiclown

Mostra Internacional

ESPECTÁCULO: SUEÑOS ENCANTADOS

COMPañÍA: TCHYMINIGAGUA (Colombia)

Unha linguaxe teatral, acrobática e circense, pola que son recoñecidos internacionalmente, cunha invención propia patentada a nivel mundial: zancos en patíns.

■ 22:30 – Avda. da Mariña

Verbena popular

ORQUESTRA TAMARINDOS

COMPañÍA CIRCO CHOSCO



VENRES 11 AGOSTO

22:00 – Parque da Xunqueira

Concerto

ENKI E AQUELARRE

ENKI. A súa música é unha aportación das diferentes influencias que ten cada compoñente do grupo, desde o "groove metal" ata o "melodic death old school". O seu directo enérxico e un son arrollador son as mellores cartas de presentación desta banda.



AQUELARRE. Baixo unha aparencia dun grupo de Power metal, Aquelarre esconde un estilo único e sorprendentemente fresco.

Recoñecidos pola súa conexión co público e o seu dinamismo no escenario.



SÁBADO 12 AGOSTO

- 10:00-14:00 e 16:00-18:00 - Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: CURANDO CO RISO

Docente: Laura “Mandarina” Muñoz

Prezo: 80€.

Horas: 12h repartidas entre 11 e 12 de agosto.
+ info en www.festiclown.org

- 11:00-14:30 | 18:00-23:00 – Praza da II República

Expoferta Zona Aberta 2017

12ª FEIRA DE OPORTUNIDADES

Organiza: Asoc. de comerciantes Zona Aberta

- 11:00 – Praza de España

Festiclown – Social

O MUNDO QUE QUEREMOS.

OBRADOIRO DE RADIO COOPERATIVA

Agareso tráenos un obradoiro de radio social e cooperativa co que aprender a traballar e coñecer realidades de proxectos de cooperación.

- 12:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown – Desclowntról nas rúas

TCHYMINIGAGUA “FUTURISMO GALÁCTICO”

- 12:30 – Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS LUMARADA DE CORNAZO



- 13:00 – Rúa Castela

Festiclown – Superroquiños

ESPECTÁCULO: A VIDA TOLA

COMPAÑÍA: PAJARITO

- 19:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown – Desclowntról nas rúas

TCHYMINIGAGUA “FUTURISMO GALÁCTICO”



■ 20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

Festiclown

Certamen Intergaláctico

COMPANHIA: PAJARITO

ESPECTÁCULO: A VIDA TOLA

A capacidade desta mimo para cautivar a atención do público e a súa espontaneidade fan que os seus números sexan únicos...

■ 20:30 – Ruas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS E BAILE S. PEDRO DE CEA

■ 21:30 – Praza de Galicia

Festiclown

Mostra Internacional

ESPECTÁCULO: YE ORBAYU

COMPANHIA: VAQUES (Asturias)

Acrobacias, maestro chinés e humor por milleiros. Diso se trata e así se deixan levar nunha deriva humorística na que cosen con fíos de carpa de circo todos estes anacos deles mesmos en escena.

COMPANHIA **VAQUES**

■ SÁBADO 12 AGOSTO

■ 23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto

BEBE

Recuperando a esencia do que un día lle valeu ser toda unha revelación da música popular, no seu cuarto álbum “Cambio de piel” vén da man de Carlos Jean, o produtor dos seus dous primeiros álbumes. O resultado é un reencontro coa mellor Bebe, creativa e íntima, sensual e sincera. Un traballo moi persoal que nos ofrece unha colección de cancións imaxinables da artista.





DOMINGO 13 AGOSTO

11:00-14:30 | 18:00-23:00 – Praza da II República

Expoferta Zona Aberta 2017 12ª FEIRA DE OPORTUNIDADES

Organiza: Asoc.de comerciantes Zona Aberta

12:00 – Salón García

Festiclown – Social GALA SOLIDARIA INFANTIL

MAGO TETO, DANI GARCÍA , OS SETE MAGNÍFICOS MAIS UN, JANO COSTAS e + sorpresas.

Este ano a Gala Solidaria de Festiclown será destinada ao público miúdo e falaremos a través do humor, o circo e a maxia da necesidade de protexer, atender e respectar ás xeracións que estamos criando.

Entrada Solidaria: 5€.

12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle GRUPO DE GAITAS FROALLO

14:00 – Cáritas

Festiclown – Social ACCIÓN NO COMEDOR SOCIAL DE CÁRITAS

20:00 – Rúa García Caamaño

Desfile Traxe Tradicional Galego

A Asociación TDAH SALNÉS organiza este desfile co obxecto de recadar fondos para a creación dunha beca de Terapia e Formación para os nenos afectados por TDAH e outros trastornos da aprendizaxe. Participan diversos colectivos da cidade e doutros municipios.

20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

Festiclown Certamen Intergaláctico ESPECTÁCULO: 25 ANOS DE TOLEMAXIA COMPAÑÍA: MAGO TETO

Despois de tres anos xogando con outras artes escénicas nos seus espectáculos, coma a música en directo, o teatro, a danza, etc., Teto retorna á esencia do ilusionismo en estado puro.



■ 20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS TREBOADA DE GUILLÁN

■ 21:30 —Praza de Galicia

Festiclown

Mostra Internacional

ESPECTÁCULO: A SALTO ALTO

COMPAÑÍA: CIRCO NO ATO (Brasil)

Obtiveron o Prémio Carequinha Funarte en 2013, para realizar unha itinerancia por 10 cidades do estado de Rio de Janeiro. Foi vencedor da Mostra Competitiva de Circo do FII en 2014 e obtivo o Viva a Arte!, Fomento Directo da Secretaría de Cultura de Río de Janeiro en 2015, para a creación deste novo espectáculo, que agora vén a Galicia.



COMPAÑÍA CIRCO NO ATO





■ DOMINGO 13 AGOSTO

■ 23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto **LEILÍA**

Mais de vinte anos despois do seu debut, Leilía volta a sorprendernos cun espectáculo impecable, maduro e fiel ás súas raíces. Unha coidadísima posta en escena e unha orixinal instrumentación sitúan a CONsentimento entre as propostas máis interesantes da música de raíz actual.

■ LUNS 14 AGOSTO

■ 10:00 — Barrio de San Roque

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS TERRIBLES DE AROUSA

■ A partir das 10:00 Barrio de San Roque

San Roquiño o Pequeno

■ 10:00-14:00 e 16:00-18:00 — Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: MAXIA CÓMICA

Docente: Mago Teto

Neste curso teórico-práctico, aprenderemos a aplicar o humor á maxia.

Prezo: 100€

Horas: 12h repartidas entre o 14 e 15 de agosto

■ 11:00 — Salón García

Festiclown — Social

ESPECTÁCULO: O VALO

COMPAÑÍA: PALLASOS EN REBELDÍA

A partir do texto de Carlos Labraña, merecedor do IX Premio Manuel María Literatura Dramática Infantil, dirixido por Iván Prado e posto en escena por Saleta Fernández e Fran Rei.

O Valo trata do encontro de dous mundos, dúas realidades, encarnadas en dous personaxes ben distintos: O Soldadiño de Chumbo e Sahara, a rosa do deserto. Un encontro a ambos lados dunha fronteira que separa a civilización do baleiro e fire o corazón da humanidade.

COMPAÑÍA **PALLASOS EN REBELDÍA**



12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS GARANDOIRO

13:00 – Parque Ravella

Festiclown – Superroquiños

ESPECTÁCULO: EL PROFESOR DE TENIS

COMPAÑÍA: RICKY (Barcelona)

20:00 - Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

Festiclown

Certame Intergaláctico

ESPECTÁCULO: EL PROFESOR DE TENIS

COMPAÑÍA: RICKY (Barcelona)

Ricky, El Profesor de Tenis, é un espectáculo unipersoal de pequeno formato de clown con técnicas de circo con numeros premios.

20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO FOLCLÓRICO A NOSA SRA. XUNQUEIRA

21:00 – Praza da II República

Exhibición Bailes de Salón

Club de Baile Deportivo “Al Compás”

21:30 – Praza de Galicia

Festiclown

Mostra Internacional

ESPECTÁCULO: TXATARRA

COMPAÑÍA: MALAS COMPAÑÍAS (Euskadi)

Espectáculo que utiliza humor, teatro e a manipulación de obxectos e a acrobacia para mergullar a o/a espectador/a en un traballo espectacular, divertido e tenro.



■ LUNS 14 AGOSTO

■ 22:00 – Parque da Xunqueira

Concerto **TNT BAND**



Iñaki Fernández (Guitarra e voz), Carlos Galbán (Guitarra e Coros), Manuel Esperón (Baixo) e Luis Jiménez (Batería) forman esta banda de mozos roqueiros de Vilagarcía que a ritmo de Rock and Roll estes catro mozos farán cantar ao público presente.

■ 23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto **ROSENDO**

Este referente do rock español, líder de bandas míticas como Leno e Ñu subirá ao escenario do parque da Xunqueira para demostrar que está en plena forma.

Rosendo Mercado presenta “De Escalde y Trinchera”, dez novos temas onde combina frases dixeribles, de gato da rúa e barrio baixo, con dardos de alcurnia que repasan de unha maneira intelixente o estado anímico que pasa a sociedade actual pero sen esquecer o seu vello repertorio onde soarán os grandes clásicos da súa traxectoria como “Agradecido” e “Maneras de vivir”.



■ MARTES 15 AGOSTO

■ 10:00 – Barrio de San Roque

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS TERRIBLES DE AROUSA

■ 10:00-14:00 e 16:00-18:00 - Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: MAXIA CÓMICA

Docente: Mago Teto

Prezo: 100€

Horas: 12h repartidas entre o 14 e 15 de agosto

+ info en www.festiclown.org

■ 11:30 - Barrio de San Roque

Misa de San Roquiño

CANTADA POLA CORAL STA. EULALIA

■ 12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS MALVEIRAS

■ 12:30 – Barrio de San Roque

Procesión San Roquiño

Acompañada da Banda de Música e Os Terribles de Arousa. Ao final haberá reparto de viño e empanada.

■ 13:00 – Praza de Galicia

Festiclown – Superroquiños

ESPECTÁCULO: CONCERTO

SINGULARCOMPAÑÍA: PÍSCORE

Píscore achéganos a mellor música e moito humor para un concerto singular nunha proposta que se encadra na liña dos grandes espectáculos que mesturan o virtuosismo musical e os ritmos coa comedia xestual, o clown e a participación do público.



COMPAÑÍA PÍSCORE

■ 20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

Festiclown

Certame Intergaláctico

ESPECTÁCULO: CONCERTO SINGULAR

COMPAÑÍA: PÍSCORE

■ 20:30 – Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS STA. PLÁCIDA DE RUBIÁNS

■ 21:30 – Praza de Galicia

Festiclown

Mostra Internacional

ESPECTÁCULO: SLIPS

COMPAÑÍA: OKIDOK (Bélxica)

Premio do Xurado no Milano Clown Festival 2009. Esta compañía belga é unha das compañías máis sorprendentes e creativas do clown europeo actual.

Talento en estado puro, o mellor da acrobacia, a esencia do mimo, o cumio da danza; resumindo, a poesía bruta dos anos gloriosos do music-hall. Unha hora de risas, sen palabras e sen parada. Un dos espectáculos máis divertidos dos últimos anos.

■ 21:30 – 23:30 - Rúas da cidade

Pasacalle Batucada

GRUPO OLODUM DO COIO

■ 22:30 – Barrio de San Roque

Verbena Popular

"OS TRES LATINOS" E O DÚO "LA OLA"





■ MÉRCORES 16 AGOSTO

■ 12:00 - Zona húmida

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e caldeiro na man, comeza a multitudinaria Festa da Auga.



CONSELLOS DE SEGURIDADE

Procure levar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa e roupa pouco pesada.

Evite levar teléfonos móbiles e cartos en formato billete, porque pode perdelos co impacto da auga.

Lembre que nos pasos de peóns e pavimentos pintados é doado esvarar ao estar molladas.

Rexeite utilizar recipientes de cristal ou similar, porque poden escachar no chan e dar lugar a cortes.

Non colla auga acumulada do chan, xa que pode conter areas ou outros líquidos e mancar os ollos.

Respecte a “zona húmida”.

En caso de calquera accidente diríxase ao postos de socorrismo da área festiva, ou chame ao número

Non introduza vehículos a motor na zona húmida.

EMERXENCIAS: 112

Grazas pola súa colaboración.

IMPORTANTE: Lembre que a Festa da Auga comeza unha vez que o Santo está na capela. Por favor, respecte a subida en procesión e non tire auga no percorrido.

MÉRCORES 16 AGOSTO

11:45 – Praza de España

Traslado de San Roque

Dende a Igrexa parroquial (Praza de España) á Capela de San Roque.

12:00 - Zona húmida

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e caldeiro na man, comeza a multitudinaria Festa da Auga.

13:00 – 15:00 - Rúas da cidade

Pasacalles Batucada

GRUPO OLODUM DO COIO

12:30 – 14:30 – Praza de Ravella

O Club dos Superroquiños na Festa da Auga

ANIMACIÓN INFANTIL con inchables, tobogáns, monitores... e moita auga.

En colaboración coa Asociación de Comerciantes Zona Aberta e Ahituvi.



20:30 - Rúas da cidade

Procesión de San Roque

Saída da Capela de San Roque, Rúa San Roque, Praza da Independencia, Padre Feijoo, Praza de Galicia, Valentín Viqueira, Avda. da Mariña, Conde Vellellano, Arcebispo Lago, Rúa Brandariz, Rúa Castelao, Xeral Pardiñas, Covadonga, Praza de España.

■ MÉRCORES 16 AGOSTO

■ 22:00 — Parque da Xunqueira

Concerto

Fado e outras Músicas (Portugal – Galicia)
AROSA BAY E MARÍA DO CEO

Maria do Ceo é fado en estado puro, pero tamén canta bolero, e así o demostrará neste concerto de presentación do novo disco do grupo de acordeóns e voces Arosa Bay “Tu cuerpo bolero”, onde esta embaixadora da cultura galega ten unha importante colaboración.

■ XOVES 17 AGOSTO

■ 12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS E BAILE MAR DE AROUSA

■ 20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS E BAILE XEADA

■ 22:30 - Avda. da Mariña

Verbena popular

ORQUESTRA AMÉRICA

The logo for Arosa Bay features a stylized red graphic of a bay or a fan-like shape above the text "arosa bay" in a lowercase, sans-serif font.

arosa bay





XOVES 17 AGOSTO

■ 23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto

ROI CASAL

“Son Galego, Son Cubano”

O gran espectáculo musical entre Galicia e Cuba, foi presentado no Gran Teatro da Habana (Palacio do Centro Galego) no mes de maio de 2016 con dous memorables concertos. Un show inesquecible con letras de Neira Vilas e a posta en escena dos mellores músicos de ámbolos dous países.

Roi Casal traballou conxuntamente neste espectáculo con Neira Vilas ate o seu falecemento. A xira é considerada unha fermosa homenaxe ao propio Neira Vilas e á emigración galega en Cuba, onde o escritor residiu 31 anos da súa vida.

■ **VENRES 18 AGOSTO**

■ 20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS E BAILE O SOUTO DE RUBIÁNS

■ 23:00 – Parque da Xunqueira

Concerto

7 SETENTA

Despois de vinte anos, 7 Setenta volven ao escenario da Xunqueira, lugar de comezo deste proxecto iniciado en 1997 como teloneros de Adolfo Rodrigo y Guzman.

Vinte anos de andadura déronlles unha grande madurez, sabedoría e experiencia ás que se suma a frescura aportada polas novas incorporacións.



ESPECIAL



REVENIDAS17, o festival das linguas, conta con dous escenarios nun recinto pechado para os concertos de pago: o Escenario Mahou e o Escenario Rías Baixas. Ademais o festival ofrece

un amplo espazo de acceso libre no entorno do porto, ao redor do edificio da Praza de Abastos e no parque de Dona Concha, onde terán lugar as actividades de balde e para todos os públicos.

18:00

INAUGURACIÓN FEIRA REVENIDA con artesanía, produtos culturais, xogos populares, actividades familiares, food trucks...

19:30

CONCERTOS

Sondarúa
Noite Fechada
Esne Beltza
La Pegatina
Boliboreta
Vendetta
Dj Pimp

Terbutalina

Terbutalina faiche bailar como se te duchases todos os días en augardente. Esta banda procedente da costa oeste galega é garage-punk festeiro disparado por cinco asmáticos amantes do tabaco, a praia e o matrimonio entre políticos imputados. Desde a súa formación en 2010, este quinteto non parou de tocar, de medrar e divertir a todo o mundo. Despois de pasear o seu intenso garage-punk por infinidade de festivais e salas chegarán ao Revenidas co seu último traballo recién saidiño do forno, “Sonido Esteiro”



GRUPO TERBUTALINA

10:00 – 22:00

FEIRA REVENIDA con artesanía, produtos culturais, xogos populares, actividades familiares, food trucks...

12:00 – 14:00 – 16:00

CONCERTOS A BORDO

Concertos para 12 persoas a bordo do pesqueiro Chasula, con degustación de produtos mariñeiros a bordo e paseo pola Ría de Arousa.

Prezo: 20€.

13:00

SARDIÑADA POPULAR

13:30

SHOWCOOKING con cocifeiros con estrela Michelin

16:00

BLOCO APERTA

17:00

GALIFUNK BRASS BAND

18:00

GRAN GALA DE CIRCO FLORES CONTRA O OLVIDO

20:00

SARDIÑADA POPULAR

21:00

CONCERTOS

Doen

Desakato

Riot Propaganda

Skindred

Dakidarría

Skindred

Skindred aglutina influencias do nu metal, o punk e o reggae, definindo o seu estilo como "ragga metal". A banda de Newport, que celebrará o próximo ano o seu vixésimo aniversario, combina todo tipo de elementos musicais sendo capaces de unir a persoas de todos os lugares do mundo e de facer que cada unha delas se desgarre ata o final na pista de baile.



GRUPO SKINDRED

DOMINGO 20

■ 10.00 – 22.00

FEIRA REVENIDA con artesanía, produtos culturais, xogos populares, actividades familiares, food trucks...

■ 12.00 – 14.00 – 16.00

CONCERTOS A BORDO

Concertos para 12 persoas a bordo do pesqueiro Chasula, con degustación de produtos mariñeiros a bordo e paseo pola Ría de Arousa.
Prezo: 20€.

■ 13.00

CONCERTO no Espazo Deleite Grupo DE VACAS

Cuarteto musical formado por unha guitarra e tres voces que fan versións de grandes temas venerados polas masas nun formato fresco e divertido.

■ 18.00

CONCERTOS

Voodoo

Auxili

Zapa

Saha Hebe

Bohemian Betiars

Txarango

Txarango

Música festiva, de calidade, con mensaxe, e unha enorme capacidade de comunicar e de emocionar. A súa poesía e a súa fusión de música caribeña, latina e mediterránea con denominación de orixe é o que fai que conecten inmediatamente co público. Sen dúbida, presenciaredes no Revenidas unha das voltas máis agardadas do ano!

GRUPO TXARANGO



SÁBADO 19 AGOSTO

■ 12:00-14:00 | 17:00-21:00 – Explanada da Autoridade Portuária

Roadshow

Vivamos como galegos!

Un ano mais, o tráiler de “Vivamos como galegos” chega a Vilagarcía para contaxiar o seu optimismo. Este ano estará acompañado de inchables para nenos e nenas, a carpa Gadis con reparto de merchandising e a Caixiña (con cine para os mais pequenos).

■ 12:00 – Praza de Ravella

XIII Capítulo

Confraría do Viño Rías Baixas

DESFILE cívico de Confrades Vinicogastronómicos dende o Concello ata o Salón García.

■ 12:15 Salón García

Acto de nomeamento

Gran acto de nomeamento de Confrades e irmandamento de confrarías.



■ 12:30 – Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO AIRIÑOS DE CARRIL

■ 20:00 – Alameda de Carril

XXII Concurso da Ameixa Cociñada

XXV FESTA DA AMEIXA DO CARRIL 2017

Actúa o grupo de gaitas Airiños de Carril

■ 20:30 – Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS XIRIFEIROS

■ 21:30 – Porto do Carril

Concerto de The Seangles

XXV FESTA DA AMEIXA DO CARRIL 2017

Banda vilagarcíá que versiona clásicos do pop e rock dende os anos 60 ata a actualidade.

■ 22:30 – Avda. da Mariña

Verbena popular

ORQUESTRA RITMO JOVEN





■ SÁBADO 19 AGOSTO

■ 24:00 — Praias da Concha-Compostela

Combate Naval **ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO**

O combate naval rememora desde 1866 o famoso asedio da frota española dirixida por Méndez Núñez contra o porto peruano do Callao o 2 de maio dese mesmo ano.

DOMINGO 20 AGOSTO

12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS EMBRUXO DE GUILLÁN

Apartir das 11:30 - Alameda de Carril

XXV Festa da Ameixa do Carril

11:30 Recepción das autoridades e membros da Orde da Ameixa no Gato Negro de Carril.

11:45 Pasacalle a cargo de Malveiras e Os Xirifeiros.

12:00 Lectura do pregón a cargo de Manuel Jabois.

12:40 Nomeamento de donas e cabaleiros da Orde da Ameixa e degustación popular (ata a noite e finalización de existencias).

21:00 Actuación da charanga Mekanika.

00:00 Verbena a cargo da Orquesta París de Noia.

20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

CANTAREIRAS BULIDEIRAS FONTECARMOA

20:30 - Rúas da cidade

Desfile de Carrozas

Música, folclore e animación de rúa acompañan o desfile que pecha as festas. O percorrido comeza na Estación de Autobuses e continúa por Moreira Casal, Rosalía de Castro, Praza da Constitución, Juan Carlos I, Praza de Ravela, Gumersindo Nartallo, Praza Independencia, Padre Feijoo, Praza de Galicia, Arcebispo Lago, Brandariz, Castelao, Covadonga e Praza de España/Vicente Risco, onde remata.





■ **VENRES 25 AGOSTO**

■ 21:30 – Rúa Romero Ortiz

Concerto Gramola

O dúo acústico Gramola celebra o seu 10º Aniversario cun concerto especial onde haberá colaboracións de grandes músicos vilagarcíans

■ 22:00 – Petróglifos de Os Ballotes (Vilar – Bamio)

VII Longa Noite de Pedras

(+ **Exposición Efémera:**

Os relatos das vellas pedras)

Descobre os petróglifos dos Ballotes na visita nocturna organizada polo Ateneo Mar de Arousa, coa colaboración de GEAT.

■ **SÁBADO 26 AGOSTO**

■ 11:00 – 14:00 Praza de Galicia

Festa do Voluntariado

A Praza de Galicia convértese nun lugar para a promoción do voluntariado social, o encontro, a reflexión, o intercambio de experiencias e a consolidación de propostas de solidariedade. Haberá actuacións para o público familiar: “Antía e Wamba o Regato Pequeno” da Tropa de Trapo e actividades a cargo das entidades participantes: actuacións, actividades de sensibilización, obradoiros para nenos e nenas...



CONCERTO GRAMOLA

■ SÁBADO 26 AGOSTO

■ 22:00 – Praza de Galicia

XXI Encontro Folclórico Malveiras

Organizado pola Asociación Cultural Malveiras, do Carril, coa participación do seu propio grupo de música e danza e outras agrupacións folclóricas convidadas.



■ 22:30 a 02:00 – Rúas e prazas da cidade

Noite das Meigas

Polas distintas rúas e prazas da cidade, inclúe a queima da meiga, acompañada de fogos artificiais.

■ VENRES 1 / SÁBADO 2 SETEMBRO



VENRES 1 DE SETEMBRO

- 20:00 a 23:00 – Saída do Peirao
- ruta observación astronómica**
- A CORTEGADA**

SÁBADO 2 DE SETEMBRO

- 10:00 – Praia da Covacha
- III FESTA FÚTBOL PRAIA** para nenos e nenas.
- 11:00 e 17:00 – Peirao
- VISITAS A CORTEGADA E ALUGUER DE KAIKs**
- 17:30 – Praia da Covacha
- II OLIMPIADAS DA AMEIXA** (xogos populares infantís).
- 19:00 – Pavillón de Carril
- I TROFEO AMEIXA ROCK DE BALONMAN** para veteranos
- 19:00 – Praza da Liberdade
- ACTUACIÓNS** do pallaso belga “Rudi Dudi” e da compañía “Daboapipa” que une contacontos, música e cancións.
- 21:30 – Peirao
- CONCERTOS**
- Flúe (Gañador do I Concurso Ameixa Rock para Bandas Emerxentes)
- Ánima
- Medomedá
- Zénzar
- Barbitúricos



SCENES AT AROSA BAY

Exposición fotográfica sobre Vilagarcía de Arousa



■ EXPOSICIÓNS

■ **Do 3 de agosto ao 15 de setembro**

Sala de Exposicións do Auditorio

“Remanente transmutado”

JOSÉ DÍAZ BARJA

PINTURA

■ **Do 11 de agosto ao 6 de outubro**

Sala de Exposicións Rivas Briones

Rúa Rey Daviña

“Scenes at Arosa Bay”

JUAN CARLOS PORTO

FOTOGRAFÍA

MIRIAM VILLARONGA | AUGATINTAS

A inauguración terá lugar ás 20.30 horas, na Sala de Exposicións Rivas Briones, e estará amenizada por unha actuación do grupo de acordeóns Arosa Bay.

I DO 24 AO 29 DE XULLO

[10:30 a 13:30] Pavillón de Castela

II Torneo de Baloncesto 3x3 de Verán

Categorías: infantil e xuvenil.

Organiza: Basket Base Club.

I 26 ,28 DE XULLO E 2,4,9 E 10 DE AGOSTO

[20:00 a 22:00]

I Torneo de Badminton Dobres de Verán

Torneo de parellas para deportistas nados no 1999 e anteriores.

Inscripción: de balde ata o 20 de xullo.

Organiza: Fundación de Deportes.

I DOMINGO 30 DE XULLO

En augas da Ría de Arousa

III Torneo Killpig Cidade de Vilagarcía

Campionato de pesca submarina.

Organiza: Asociación Deportiva e Cultural Raspa.

I DO 12 AO 15 DE AGOSTO

En augas da Ría de Arousa

Campionato de Europa Junior 49er e 49erFX

Organiza: Federación Galega de Vela.

I DO 18 AO 20 DE AGOSTO

Venres [15.00] sábado e domingo [11.00] Porto de Vilagarcía

XLIX Trofeo San Roque Campionato Galego de Snipe

V Gran Premio Ramiro Carregal.

Proba Circuito Nacional 2017.

Organiza: Real Club de Regatas.



O noso agradecemento a todas as institucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que todos queremos.

Patrocinan:



XUNTA
DE GALICIA

galicia //ABANCA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Obra Social "la Caixa"

GADIS

Mahou
★★★★★

Colaboran:

AGADIC



ZONA ABERTA
Centro Comunitario Aberto Vilagarcía

Propietarios do edificio
de promoción da Baldosa



Edita

Concello de Vilagarcía de Arousa

Alcalde

Alberto Varela Paz

Concelleira de Cultura

Sonia Outón Casal

Realiza

Área de Comunicación Social

Imprime

Gráficas Anduriña

Depósito Legal

PO 373-2017

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.gal



Concello de
Vilagarcía
de Arousa

+ **INFO** www.vilagarcia.gal



vaibus!✶

SERVIZO DE TRANSPORTE AO HOSPITAL

Vai ^{ao} médico
por **1,35€**

AUTOCARES
BENITO ABALO

Concello de
Vilagarcía  de Arousa